

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	Escolas Proval	Nigrán	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0441	Técnica contable	2021/2022		133	

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SONIA LARRÁN COSTAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais.
RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa.
RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura.
RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.
CA1.3 Distingúronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais.
CA1.4 Defíníronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.
CA1.5 Identifícanse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto.
CA1.6 Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.7 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.
CA2.1 Distingúronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.
CA2.2 Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.
CA2.3 Describíronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.
CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.
CA2.5 Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas.
CA2.6 Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos.
CA2.7 Definiuse o concepto de resultado contable.
CA2.8 Describíronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura.
CA2.9 Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.
CA3.1 Relacionouse a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade (PXC).
CA3.2 Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable.

Criterios de avaliación do currículo
CA3.3 Identificáronse as partes do PXC-PEME.
CA3.4 Diferenciáronse as partes obrigatorias e non obrigatorias do PXC-PEME.
CA3.5 Identificáronse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan.
CA3.6 Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable.
CA3.7 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.
CA3.8 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.
CA3.9 Identificáronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais.
CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.
CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME.
CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME.
CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais.
RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa.
RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura.
RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME.
RA5 - Realiza operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas, e valora a súa eficiencia na xestión do plan de contas.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.5 Identificáronse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto.
CA1.6 Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.7 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.
CA2.1 Distinguíronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.
CA2.2 Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.

Cráterios de avaliación do currículo

CA2.3 Descríbóronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.

CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.

CA2.5 Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas.

CA2.6 Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos.

CA2.7 Definiuse o concepto de resultado contable.

CA2.8 Descríbóronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura.

CA2.9 Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.

CA3.7 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.

CA3.8 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.

CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.

CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME.

CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME.

CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables.

CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico.

CA5.1 Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.

CA5.2 Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos.

CA5.3 Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.

CA5.4 Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.

CA5.5 Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.

CA5.6 Introduciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación.

CA5.7 Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software.

CA5.8 Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos.

CA5.9 Seguiuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Identificar as fases do ciclo económico da actividade empresarial.

Diferenciar os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.

Distinguir os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais.

Definir os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.

Identificar as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo esixible e o patrimonio neto.

Relacionar cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial

Ordenar en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.

Distinguir as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.

Describir o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.

Describir as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre

Recoñecer os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.

Recoñecer a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas.

Diferenciar as contas de ingresos e de gastos.

Definir os conceptos de resultado contable

Describir as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura.

Establecer a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.

Relacionar a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade(PXC)

Identificar os principios contables establecidos no marco concetual do plan

Describir o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable.

Codificar un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.

Identificar as contas anuais que establece o PXC-PME.

Identificar as contas que correspondan aos elementos patrimoniais.

Identificar as contas patrimoniais e de xestión que interveñan nas operacións básicas das empresas.

Codificar as contas conforme o PXC-PEME.

Determinar as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXCPEME.

Efectuar os asentamentos correspondentes aos feitos contables.

Realizar as as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. (Apertura, e peche de contas , compras e vendas con toda a súa problemática asociada, instrumentos de cobro- pago e toda a súa problemática contable e financeira, nóminas e seguros sociais, IVE e as súas liquidacións, imposto de beneficios, reparto de dividendos, retencións do IRPF, pago cobro das administracións públicas, operacións con inmovilizado e a súa problemática, amortizacións, variación de existencias, reclasificación de deuda, problemática dos gastos e ingresos habituais nunha empresa)

Efectuar o procedemento dacordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

Realizar as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.

Propoñer alta e baixas de códigos e conceptos en asentamento predeficidos, seguindo os procedementos establecidos.

Executar as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.

Introducir os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.

Introducir no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación.

Arranxar os problemas que pidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software.

Realizar copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos.

O programa de contabilidade exigido es CONTASOL.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Con respecto a calquier actuación e tipo fraudulento sinalar que a superación das probas deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar na proba, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, chuletas, ... (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un 0 (cero) na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá a nota final suspensa.

O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Tempo para realizar o exame: 2 horas.

Consistirá nunha proba tipo test de 50 preguntas.

Cada pregunta terá catro posibles respostas na que só unha será correcta

O remate da proba, entregarase ao profesor o enunciado do exame coa táboa de respostas.

Debe elixir unicamente unha resposta por pregunta.

- As preguntas correctas puntúan 10/50 =0,20 puntos

- As preguntas incorrectas restan 0,10 puntos

- As preguntas non contestadas ata o 20% (10 preguntas) do total das preguntas desta parte do exame considerase que non puntúan.

- As preguntas non contestadas que excedan do 20% do total das preguntas desta parte do exame serán consideradas como incorrectas. E decir se hai 12 preguntas sen contestar, as 10 primeiras se valorán con 0 puntos e as dúas seguintes restarán 0,10 puntos cada unha de elas

- As respostas marcadas que estean sobreescritas, con tachóns, borradas ou con types, se considerarán preguntas non contestadas.

O material permitido para a realización da proba será bolígrafo azul ou negro e calculadora

Se considerará que a proba é nula se en todo ou parte está escrita con lápiz ou bolígrafo borrable

Para superar a proba é preciso acadar un mínimo de 5 puntos (sobre un total de 10)

Esta proba ten carácter eliminatorio de xeito que de non ser superada non se realizará a segunda parte da proba.

4.b) Segunda parte da proba

Tempo para realizar o exame: 3 horas.

Consistirá na realización de supostos prácticos relacionados cos contidos do módulo.

A puntuación máxima será de 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para poder superala.

O material necesario para a realización da proba será bolígrafo negro ou azul, calculadora e o cadro de contas do PXC das PEME

En ningún caso se permitirá o emprego do teléfono móbil, nin como ferramenta de cálculo nin de tempo

Terá dúas partes

Primeira: realización dun suposto completo de inicio a peche e cubrir os estados contables oficiais de Balance de Situación e Conta de Resultados

con data 31 de decembro (80% da nota da proba). Non será necesaria a presentación do libro maior.

Segunda: realización dun suposto que abarcará a creación dunha empresa e unha serie de asentos contables básicos na aplicación CONTASOL. O resultado avaliable neste caso será a entrega dos documentos que indique a profesora ou profesor en cargo da avaliación e que irán indicados no enunciado que se entregue (20% da nota da proba)

En ambos o método de corrección se calculará restando, e dicir, partirase da nota máxima e irase restando puntuación que dependerá da natureza do erro, a modo de exemplo erros de cálculo 0,10 puntos por erro, non atender os datos e información do enunciado 0,20 puntos por erro, feito contable ou asiento non realizado 1 punto por erro, asiento feito o contrario 1 punto por erro, cargar ou aboar unha conta do lado incorrecto 0.5 puntos, conta do grupo 6 ou 7 no asiento de peche ou conta dos grupos 1 ao 5 no asiento de resultados 0.5 puntos por cada erro, nome ou número incorrecto de conta entre 0.1 e 0.5 dependendo da gravidade do erro, asiento descuadrado 0,5 puntos por cada erro, incoherencia contable entre os asentos ou entre asiento e libro maior 0,75 puntos por cada erro, un exame ilexible pola caligrafía ou desorden poderá non ser avaliado e a súa nota será un 0.